

Conde Roa afoga o deporte municipal mentres destina miles de euros a organizar grandes eventos deportivos

Nestes meses o Concello impuxo ao deporte local de base unha política selvaxe de axustes que contrasta co destino de miles de euros a organizar espectáculos deportivos que, se se desbotan os gaños que xeran puntualmente a certas empresas, son inúteis para a cidade e lastran a promoción do deporte de base e local.

Así mentres a Fundación Compostela Deporte se afoga nun burato de 200.000 euros e aplica recortes de persoal, o edil de Deportes, **Adrián Varela**, intentou traer á cidade a *Copa Davis* por dous millóns de euros ou a *Vuelta Ciclista a España* por 120.000; montou unha pista de patinaxe na Quintana, con promoción de *Gadis*, que custou 8000€ e trouxo a selección española de fútbol con 40.000, a pesar de que parte da veciñanza non sentimos esta selección como propia. Mentres, **Raxoi achegou apenas 85.000 euros para promocionar o deporte de base en 2011**. Varela declarou recentemente a distintos medios que seguirá a traballar nesta

dirección: fomentar espectáculos deportivos cos recursos que Raxoi debe dedicar a promover o deporte local e de base.

O deporte espectáculo non produce riqueza na cidade

Preocúpanos que o Concello vexa o deporte como un reclamo turístico: non acreditamos que a afluencia masiva de visitantes sexa boa por principio, xere riqueza para todos e deba orientar, por exemplo, a política deportiva local cando os nosos medios son tan limitados. Se a potenciación do deporte espectáculo debilita a promoción do de base, porque, segundo repiten ata cansar, non hai diñeiro, haberá que esixir ao Concello que poña como prioridade exclusiva a potenciación do deporte municipal.

Pretender mellorar a situación económica da cidade coa celebración de eventos deportivos é irrisorio: con 9200 veciñ@s sen traballo e 22% de


pobreza no municipio, **o que necesitamos son políticas sociais, vivenda pública, apoio ás familias con dificultades, potenciación dos sectores produtivos locais, suspensión dos despexos de casas, etc.**, pero non ocorrencias como estas. Os ultraneoliberais que ocupan Raxoi co voto do 25% d@s eleitores potenciais non teñen máis proxecto para esta cidade que a *Disney Compostela* e, dominados pola falta de imaxinación e o complexo pailán, consideran que o futuro socioeconómico de Compostela só debe pivotar sobre a afluencia de visitantes.

O esperpéntico caso do campo de fútbol do Sergas

O campo de fútbol do Sergas é un exemplo da política deportiva municipal: aínda que custou 1.25 millóns de euros, leva máis dun ano en desuso e os clubs de fútbol, rugby, etc. dos barrios cercanos deben adestrar en Vilestro ou Marantes. Ademais, **o Concello, que debe 2.7 millóns á Fenosa, négase a retirar as liñas de media tensión que sobrevoan As Cancelas, San Lázaro, San Marcos e o propio campo,** pondo en perigo a saúde dos rapazes e rapazas

que adestran nel. Os **campos electromagnéticos xerados por estas liñas teñen capacidade canceríxena**, pero constatamos unha vez máis que a eléctrica ten collido ao Concello e este impede a homologación do campo para non entrar en conflito coa empresa.

**CANDIDATURA
do POVO**



SIAREIR@S GALEG@S

